

Proxecto ABALAR  
NORMATIVA DE USO

GUÍA DE MANTEMENTO E COIDADADO DO PORTÁTIL Curso: 2010-2011

Estes equipos son propiedade do IES Lucus Augusti. Son un instrumento de traballo escolar ao que se ten acceso como usuario polo feito da participación do instituto no Proxecto ABALAR. O alumnado ao que vai dirixido deberá cumprir e respectar en todo momento esta normativa de uso incorporada nas *Normas de Organización e Funcionamento* (RRI) sabendo que o incumprimento da mesma levará, ademais da perda dos privilexios de uso, calquera das sancións que se establecen nas devanditas *Normas*, as que determine a lexislación vixente e mesmo sancións económicas se chegara o caso.

**Ademais da normativa de uso xeral, estes ordenadores están suxeitos dada a súa especificidade a unha normativa propia e complementaria que aquí se fai explícita primeiro de maneira xenérica e despois máis matizada:**

- 1.- Antes de coller o portátil o alumnado deixará as súas mesas libres para evitar ter que colocalo en situacións de equilibrio precario.
- 2.- Cada alumna/a irá ao carriño por orde. E en ningún caso se acudirá en grupos para evitar aglomeracións que deriven en posibles caídas dos equipos.
- 3.- Sempre se collerá o portátil coas dúas mans, de xeito que ao levalo non lles tape a visión do camiño e tropecen.
- 4.- Cada alumno/a terá un equipo asignado (segundo a orde de lista) dende principio de curso e que se conservará ao longo do mesmo para que exista unha responsabilidade persoal no seu coidado.
- 5.- O alumnado non acenderá o portátil ata recibir a orde expresa do profesor/a correspondente, unha vez rematada a exposición do traballo que van realizar.
- 6.- Non se colocarán obxectos de ningunha clase sobre o portátil nin cando estea aberta nin cando estea pechada a tapa.
- 7.- A pantalla é moi delicada. Non se debe tocar nunca cos dedos nin con ningún obxecto.
- 8.- Cando o profesor/a teña que interromper o traballo do alumnado para dar unha explicación baixaranse as tapas dos portátiles sen chegar a pechalos, de xeito que non entren en estado de suspensión.
- 9.- Cada alumno/a será responsable do correcto mantemento do escritorio, carpetas e arquivos, velando pola súa orde e a súa conservación.
- 10.- Cada alumno/a será responsable de gardar o traballo, e se é o caso, de apagar correctamente o equipo ao finalizar a clase.

11.- O alumnado devolverá o portátil ao lugar que lle corresponde no carro, asegurándose de que queda conectado ao cargador. Irán por orde evitando aglomeracións.

12.- Cada equipo é responsabilidade do alumno/a que o ten asignado. Diante de calquera incidencia técnica co mesmo deberán cubrir a ficha despois de comunicarllo ao profesor/a correspondente.

13.- No caso de que se esgote a batería por non cumprir a anterior norma o alumno/a deberá continuar a clase sen el.

14.- É responsabilidade do alumno/a o coidado do equipo asignado e o seu mantemento en bo estado. Debe preservalo de temperaturas extremas, a humidade e evitar golpes ou colocar obxectos enriba del.

15.- A información que se almacena nestes equipos estará relacionada con tarefas educativas, polo que non está permitida a instalación de ningún programa, aplicación ou material que non estea en relación directa co uso docente e sempre co permiso e supervisión do profesor/a que corresponda.

16.- O uso da rede do centro terá sempre unha finalidade educativa. Queda, xa que logo, prohibido o acceso a páxinas con contidos que non sexan de carácter educativo.

17.- É obrigatorio entregar o portátil ao profesorado que o solicite para a súa revisión. En caso de detectar un mal uso do equipo, este poderá serlle retirado ao alumno/a e aplicarlle, se fora o caso, a sanción que se determine nas Normas de Organización e Funcionamento (RRI).

18.- O feito de non aceptar estas normas ou de non respectalas pode traer consigo a restricción do acceso ao mesmo ou a súa retirada definitiva.

## 1.- ASIGNACIÓN DE PORTÁTILES E COIDADOS BÁSICOS

Cada alumno do centro recibirá ao incorporarse ao 1º curso da ESO un portátil do que será responsable mentres estea matriculado no mesmo con independencia do momento no que fai a matrícula.

Os equipos permanecerán sempre no centro que é o depositario dos mesmos.

### 1.1.- Coidados básicos do portátil.

a) Cando se estea a traballar co equipo, deberá colocarse na mesa do alumno/a a salvo de posibles incidencias: caídas tanto do propio equipo como de obxectos sobre el, golpes, e de calquera outra circunstancia na que perigue a integridade física do aparello.

b) Non se pode comer nin beber mentres se utiliza o portátil.

c) Non se pode coller o portátil pola pantalla, sempre debe transportarse colléndoo pola base ou asa de transporte.

d) Evitar sempre tocar a pantalla cos dedos ou con calquera obxecto.

- e) Quedará prohibido riscar, pintar, escribir ou facer calquera outra marca ou sinal que deteriore o portátil.
- f) Evitar a exposición do portátil ao sol e ás fontes de calor (non colocalo ao carón dun radiador).
- g) Está prohibido sacar o equipo da aula.
- h) O portátil terá que estar no carriño de transporte cando non se estea a utilizar, e estará conectado á toma de carga.
- i) Para gardar o seu traballo será recomendable que cada alumno/a dispoña dun lapis de memoria que funcionará a xeito de mochila electrónica.

## 2.- GARDA E CUSTODIA DO PORTÁTIL NA CLASE

- a) Cada alumno/a é responsable da custodia do portátil que ten adxudicado, debendo telo sempre vixiado durante o horario lectivo.
- b) Cando non o precise para traballar na aula, depositarao no espazo que ten asignado a tal efecto no carriño da súa aula.

## 3.- O PORTÁTIL NO INSTITUTO

### 3.1.- O portátil na clase

- a) Antes de coller o portátil o alumnado deixará as súas mesas libres para evitar ter que colocalo en situacións de equilibrio precario.
- b) O alumnado non acenderá o portátil ata recibir orde expresa do profesor/a correspondente.
- c) Cando o profesor/a teña que interromper o traballo do alumnado para dar unha explicación, baixaranse as tapas dos portátiles sen chegar a pechalos.
- d) Cando o alumno/a teña que ausentarse temporalmente da aula, baixará totalmente a tapa do portátil para evitar posibles golpes e aforrar batería.
- e) A recollida dos portátiles farase na orde indicada polo profesorado correspondente.
- f) Se se produce unha incidencia no manexo do portátil e o alumno/a precisa axuda do profesor/a, procurará non interromper o traballo nin as explicacións que nese momento se estean a desenvolver na aula.
- g) Cada alumno/a será responsable do correcto mantemento no escritorio dos cartafóis e arquivos da súa conta, velando pola súa orde e a súa conservación.
- h) Cada alumno e alumna será responsable de gardar o traballo e, se é o caso, de apagar correctamente o portátil ao rematar a clase.

### **3.2.- Responsabilidades derivadas do uso do portátil**

*Cada alumno/a é totalmente responsable do que faga co seu portátil. Terán consideración de faltas graves ou moi graves, en función das circunstancias na que se producen os feitos e das súas consecuencias, as seguintes:*

- a) Modificar a configuración do sistema operativo e violar as restricións que teña o portátil.
- b) Por ser unha fonte importante de virus, queda totalmente prohibida a instalación de programas P2P (eDonkey, Kazaa, eMule, Ares, etc.) no ordenador.
- c) A utilización da conta doutra persoa estará suxeita a accións disciplinarias ou aquelas que a lexislación vixente determina para estes casos.
- d) Calquera intento de danar equipos, materiais, datos ou programas, será sancionado polas *Normas de Organización e Funcionamento* (RRI) do centro. O vandalismo levará á cancelación dos privilexios de uso do portátil e a obriga de reposición dos custos orixinados pola reparación do hardware, software ou sistema.
- e) Están prohibidos os intentos de ver, copiar, modificar ou interferir o correo electrónico ou os ficheiros doutros usuarios. O incumprimento desta norma será obxecto das accións disciplinarias que se contemplan nas *Normas de Organización e Funcionamento* e aquelas que determine a lexislación vixente.
- f) Deberase empregar unha linguaxe apropiada; as palabras malsoantes, os insultos racistas e calquera outra expresión inadecuada están prohibidas e serán obxecto das correccións disciplinarias establecidas ao respecto nas *Normas de Organización e Funcionamento*.
- g) Transmitir ou ver imaxes obscenas ou material ilegal.
- h) Revelar información persoal.
- i) A falsificación ou o seu intento.
- k) Os intentos de degradar ou interferir o sistema, serán contemplados coma unha violación das directrices e/ou coma unha actividade criminal suxeita á lexislación vixente.
- l) Trasladar o portátil fóra da aula.
- m) Finxir ser outra persoa cando se envían ou reciben mensaxes.
- n) A infraestrutura do centro non poderá ser utilizada con propósitos ilegais.

## 4.- AVARÍAS DO PORTÁTIL

### 4.1.- Avarías comúns

- a) Cando o portátil estea avariado deberá seguirse a clase con outro compañeiro/a.
- b) Os portátiles avariados deben acompañarse dunha ficha-protocolo para o seu arranxo que deberá depositarse nas dependencias que se especifiquen.
- c) Se a avaría fose de índole menor, o alumno/a esperará e estará presente mentres se soluciona o problema, na procura de establecer unha cadea de formación que permita a calquera alumno/a arranxar de xeito autónomo as avarías máis sinxelas.

### 4.2.- Avarías debidas a uso indebido

- a) Cando se detecte que a avaría do portátil ten a súa orixe nun uso indebido do mesmo, o portátil non se lle devolverá ao alumno ou alumna. Neste caso arbitraranse as medidas correctoras a que houbese lugar recollidas nesta normativa ou nas *Normas de Organización e Funcionamento* do centro.
- b) As avarías provocadas nas que o servizo técnico comproba que non foron fortuítas, será o alumno ou alumna quen terá que pagar o custo da mesma.

## 5.- DIRECTRICES E PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS

O usuario/a que viole as directrices e procedementos administrativos, estará suxeito/a á suspensión temporal ou definitiva dos seus dereitos de utilización do portátil e da rede/sistema, e ás correspondentes accións disciplinarias, recollidas nas *Normas de Organización e Funcionamento* do centro ou nos procedementos legais que estipule a lexislación vixente.

O portátil é un instrumento de traballo escolar ao que se ten acceso polo feito de participar no Proxecto ABALAR. O alumnado e seus pais/nais ou titores legais admiten dende un principio as normas establecidas para o seu uso e que, o incumprimento das mesmas, pode ser obxecto de sanción.

As **sancións** que se poderán contemplar en función da gravidade do incumprimento son:

- A retirada de privilexios de utilización do portátil.
- A retirada do portátil por un tempo determinado.
- Unha sanción económica que se determinará en cada caso tendo en conta a natureza e gravidade do desperfecto causado.
- Calquera outra aprobada polo Consello Escolar e que se inclúa nas *Normas de Organización e Funcionamento* do centro.
- Aquelas que a lexislación determine especificamente.